

# DORIS LESSING

Doris May Tayler naceu en 1919 en Irán onde o seu pai, capitán do exército británico, estaba destinado. Pasou os 30 primeiros anos da súa vida en Rodesia e en 1949 instálase definitivamente en Londres.

Casada e divorciada en dúas ocasións, nai de tres crianzas, Doris non se adaptou á vida de muller casada e nai. Renunciou a unha vida de familia e a un papel de nai tradicional para seguir o seu camiño, e decidiu deixalo todo. En 1949 marcha a Inglaterra acompañada do seu fillo pequeno e pouco despois publicaba a súa primeira obra, "*Canta la hierba*".

En Londres dedícase a escribir, denunciando abertamente o apartheid que daquela se vivía en Sudáfrica, polo que lle foi prohibido pisar o que ata había pouco fora o seu fogar. Xa daquela era unha recoñecida escritora, mais será en 1962 cando a súa obra "*Cuaderno dorado*", unha novela con altas doses de autobiografía, consagrouna como tal, converténdose nun claro referente para os movementos feministas do momento.

A súa obra ten moito de autobiografía e abrangue cincuenta novelas, gran número de relatos curtos e outros xéneros coma o teatro, a lírica, o ensaio, a biografía ou o libreto de ópera. Inspírase na súa experiencia de vida en África, na súa infancia, nos seus desenganos vitais, sociais e políticos, que fixeron dela unha muller feminista, comunista, pacifista e anticolonialista. Os temas que aborda céntranse nos conflitos culturais, na desigualdade racial, na contradición entre a conciencia individual e o ben común.

No ano 2007 foi galardoada co Premio Nobel de Literatura. Tiña oitenta e oito anos, mais aínda escribiu varias obras máis. A derradeira, "*Alfred y Emily*" é unha homenaxe aos seus pais. Finou en Londres no ano 2013.

Ramón Blu Sousa Virgo

4º ESO B